



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Química

Curso Académico: 2018/2019

Aprobación en Comisión de Calidad del Centro: 14/09/2020

Informe técnico favorable del ACMP: 17/09/2020

Aprobación en Xunta de Facultade: 15/09/2020

Índice

1.	Introdución	2
2.	Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	6
3.	Plan de Melloras do Centro	18
4.	Anexo: Informes de seguimento	36

1. Introducción

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua da Facultade, permitíndolle acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nela, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, e abrindo o camiño cara a acreditación institucional da Facultade de Química, de acordo co RD 420/2015.

O SGC marco da USC deseñouse seguindo o modelo da axencia de calidade nacional e autonómica ACSUG, e estaba articulado inicialmente en 7 directrices de acordo co programa FIDES-AUDIT pasando a distribuírse en 6 directrices na súa última versión, que da resposta aos criterios e directrices europeos para a garantía da calidade (ESG).

A USC aprobou o primeiro sistema marco en decembro de 2009, e foi simplificado posteriormente no ano 2013. Logo de 5 anos de vixencia, en febreiro de 2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno aprobou unha modificación do sistema consistente nunha simplificación da documentación que busca a implantación efectiva e eficaz nos centros e a creación dun nivel institucional que asegure os criterios e directrices europeos naqueles ámbitos de decisión que recaen na institución.

Así, a nova estrutura da documentación está formada por un nivel institucional e un nivel de centro que contan cun manual do sistema e cun manual de procesos que asegure a toma de decisións nos diferentes órganos responsables, a dispoñibilidade dos recursos necesarios e a mellora continua dos programas formativos e do propio funcionamento do sistema.

A Facultade de Química adaptou esta documentación e aprobou o [Manual do SGC da Facultade de Química](#) e o [Manual de Procesos da Facultade de Química](#) na Xunta de Facultade o 15 de Maio de 2019. O Consello de Goberno da USC aprobou, na sesión do día 19 de decembro de 2019, os citados manuais.

O [Plan Estratégico 2019-20](#) da Facultade de Química foi aprobado en Consello de Goberno o 15 de xullo de 2019.

O responsable e a coordinadora de calidade da Facultade de Química garanten que todos os membros do seu Centro teñan acceso ao SGC, polo que velan para que na páxina [web](#) se recolla as últimas versións actualizadas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro (CCC), as comisións de título, o responsable de calidade do centro, a coordinadora de calidade e os coordinadores/as do título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co SGC poden consultarse no Manual do SGC da Facultade de Química.

A Comisión de Calidade do Centro é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

O procedemento de elaboración da Memoria de Calidade é o seguinte. A Comisión de Calidade do Centro (CCC) elabora a presente Memoria, que inclúe o plan de melloras. Unha vez aprobada pola CCC, a Memoria de Calidade é presentada para a súa aprobación á Xunta de Facultade. Esta Memoria será trasladada á Area de Calidade e Mellora dos Procedementos para que a Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno formule as recomendacións que considere oportunas sobre a actualizacións das Programacións Plurianuais e o Plan de Melloras do Centro. A Memoria de Calidade do Centro, unha vez aprobada, publicarase na web do Centro para evidenciar a correcta implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade.

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2018-2019 abrangue todos os títulos que se imparten no Centro:

- Grao en Química
- Dobre Grao en Química e Bioloxía
- Dobre Grao en Física e Química
- Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial (MIQQI)
- Máster Universitario en Química Orgánica (MQO)
- Máster Universitario en Química Teórica y Modelización Computacional (MQTMC, coordinación xeral da Universidade Autónoma de Madrid)

Os cinco primeiros títulos están coordinados pola USC mentres que o *Máster Universitario en Química Teórica y Modelización Computacional* está coordinado pola Universidade Autónoma de Madrid.

No curso 2018-19 comezou a impartirse no grao en química o primeiro curso de docencia en inglés. Esta acción enmárcase no decálogo de medidas do Plan de Excelencia do Sistema Universitario

de Galicia (SUG), para o trienio 2018-2020, da [Consellería de Educación](#).

A documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC e do Manual de Procesos e Procedementos xa citados, son a normativa xeral estatal e autonómica, a da Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Química e as Memorias oficiais dos Títulos de Grao e Másteres impartidos no Centro.

O obxectivo da Memoria de Calidade do curso 2018-2019 é comprobar a vixencia da política de calidade do Centro. Para isto analizamos os resultados do último curso tendo en conta os indicadores proporcionados pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC. Tamén analizamos o grado de cumprimento das accións de mellora propostas con anterioridade.

A Memoria anual de Calidade da Facultade do ano 2019 inclúe os Informes de Seguimento dos títulos impartidos no Centro. Os Informes de Seguimento dos títulos coordinados pola Facultade de Química da USC foron elaborados polas comisións correspondentes e aprobados pola [Comisión de Calidade da Facultade](#). En concreto, os informes de seguimento do Grao en Química e do Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial foron aprobados na reunión celebrada o 25/06/2020. O informe do Máster Universitario en Química Orgánica foi aprobado na sesión celebrada o 30/07/2020.

É preciso indicar que o retraso na aprobación da presente memoria de calidade da Facultade de Química e, no seu momento, dos informes dos títulos foi consecuencia da alerta sanitaria que viviu o país durante o curso 2019-20. Con data do 19/06/2020 a Área de Calidade da USC remitiu ós centros unha nova actualización do [calendario de activades de calidade](#) con modificacións de prazos ante a alerta sanitaria provocada polo COVID-19. Esta última actualización establecía a primeira quincena de setembro como data de envío das memorias dos centros.

Nos cursos 2016-17 e 2017-18 os títulos impartidos no centro pasaron polo proceso de renovación da acreditación. En todos os casos o informe final foi favorable. Valórase cada un dos sete criterios de acreditación segundo estes catro niveis:

Supérase excelentemente (A). O estándar correspondente ó criterio lógrase completamente, ademais, é un exemplo que excede os requirimentos básicos.

Alcánzase (B). O estándar correspondente ó criterio lógrase completamente.

Alcánzase parcialmente (C). Lógrase o estándar no mínimo nivel pero detéctanse aspectos

puntuais que deben mellorarse.

Non se alcanza (D). O criterio non logra o nivel mínimo requirido para chegar ó estándar correspondente.

Na seguinte táboa recóllense as valoracións obtidas para os títulos impartidos na Facultade.

	Grado en Química	Máster en Investigación Química y Química Industrial	Máster en Química Orgánica	Máster en Química Teórica y Modelización Computacional
Fecha de renovación de la acreditación	22/06/2017	20/07/2018	28/07/2017	30/11/2017
Informe Final	Favorable	Favorable	Favorable	Favorable
Valoración Criterio 1: Organización y desarrollo	C	C	C	C
Valoración Criterio 2: Información y transparencia	B	B	C	C
Valoración Criterio 3: Sistema de garantía de calidad	C	C	C	B
Valoración Criterio 4: Recursos humanos	B	B	B	A
Valoración Criterio 5: Recursos materiales y servicios	C	B	C	B
Valoración Criterio 6: Resultados de aprendizaje	B	B	C	B
Valoración Criterio 7: Indicadores de satisfacción y rendimiento	C	B	C	B

Relacionado co recoñecemento e información pública dos títulos do Centro, destacar que o Máster en *Química Orgánica* aparece no listado de *Mejores Másteres 2019* do periódico [El Mundo](#), no apartado de *Ciencias Experimentales y Tecnológicas*, situado no terceiro posto.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Neste apartado recóllese a análise que a Comisión de Calidade do Centro leva a cabo do Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro. Para isto, analizamos en primeiro lugar o grao de cumprimento das accións de mellora do Centro e das diferentes titulacións, propostas con anterioridade. O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do Centro foron bos. Na Memoria de Calidade do Centro 2018 propuxéronse 7 accións de mellora das cales 6 foron finalizadas con éxito. A continuación resumimos estas accións.

❖ Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

- Completáronse con éxito dúas accións de mellora relevantes, referentes á Área de Calidade: a actualización de SGC da Facultade (**AM-3**), tanto do Manual do SGC como do Manual de Procesos (19/12/2019) e a elaboración do Plan Estratéxico e a Programación Plurianual (**AM-4**), que foron aprobados en Consello de Goberno (15/7/2019).

❖ Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

- A acción de mellora **AM-5**, que pretendía a formación do profesorado co obxectivo de incrementar a internacionalización dos títulos tamén se finalizou con éxito. Así, a Facultade organizou (en colaboración co CLM da USC) un curso avanzado de inglés, semi-intensivo, para o PDI con docencia no centro. Tamén se impartiu un curso de “Competencias informáticas” (maio 2019), en colaboración coa Biblioteca da Facultade (PFID-18far-08).

❖ Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

- A necesaria mellora da Biblioteca da Facultade (**AM-1**) solo puido levarse a cabo parcialmente durante o curso anterior (2017-18), renovando o mobiliario de uso común para estudantes. Durante o curso 2018-19, en colaboración coa Xerencia e a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación, renováronse os equipos informáticos da Biblioteca rematando así con éxito a acción de mellora proposta.
- A única acción de mellora que non puido finalizarse con éxito foi a elaboración do cronograma de obras do centro (**AM-2**). O Consello de Goberno da USC aprobou, na Programación Plurianual do ano 2016, a elaboración dun plan de reforma. Sen embargo, non foi posible nestes anos establecer actuacións específicas dirixidas á renovación das infraestruturas do centro. Programáronse reunións coa Xerencia e a Oficina de Infraestruturas para principios do

2020, pero non puideron levarse a cabo pola situación de pandemia. Esperamos que ao longo deste ano poida retomarse o tema e elaborar finalmente o cronograma.

❖ **Directriz 6. Información pública**

- Para desenvolver con éxito a **AM-6**, que buscaba a difusión e visualización dos títulos impartidos na Facultade, especialmente o novo Grao de Química en inglés, contouse con fondos destinados por Xerencia para financiar accións de mellora. Algunhas das accións realizadas foron: a participación na 2ª Feira da Innovación (27/28-nov), dirixida a estudantes de secundaria de Galicia, a inclusión dunha páxina de publicidade na revista yaq.es (que se oferta nas distintas feiras de educación a nivel estatal), a Xornada de portas abertas “A Química como nunca a viches” organizada en colaboración coa Sociedade Xuvenil Galega de Química, o CESGA e a RSEQ (Facultade de Química, 19/10/2019), múltiples actividades organizadas con motivo do Ano Internacional da Táboa Periódica (exposicións, conferencias, concursos de pósters), etc.
- As actividades anteriores poden tamén incluírse na **AM-7** que tiña por obxecto reforzar a interacción da Facultade cos centros de ensino secundario. Ademais, con este fin, a Facultade recibiu as visitas de alumnos de Institutos de Ensino Secundario, dentro do programa A Ponte, colaborou coa organización do Rally de Matemáticas sen Fronteiras organizado pola asociación Igaciencia, e tamén co Colexio Oficial de Químicos de Galicia e a Asociación de Químicos de Galicia na Olimpiada de Química.

O plan estratéxico da facultade establecía unhas liñas estratéxicas que se cumpriron parcialmente no ano 2019. Sen embargo, a memoria de calidade 2019 da Facultade de Química ten que obrigatoriamente adaptarse aos cambios da sociedade no ano 2020, derivados da pandemia mundial da COVID-19.

Dentro das liñas estratéxicas establecidas no Plan, destacamos as que se puideron executar no período o que fai referencia esta memoria.

1.- DOCENCIA

- Actualizouse o plan de estudos do grao en química
- O curso 2018-19 arrancou Grao de Química en inglés.
- Incorporouse un novo máster ao catálogo de titulacións do centro que se comezou a impartir no

curso 2019-20: o M. U. en Química en la Frontera con la Biología y la Ciencia de Materiales.

- Produciuse a actualización da memoria de título do M. U. en Investigación Química y Química Industrial.
- Mellorouse a visibilidade do centro na sociedade galega (por exemplo a xornada de “A química como nunca a viches”, participación en feiras de innovación, actividades desenvolvidas por mor do ano da táboa periódica, etc.) e aumentáronse as canles de difusión (aumento de publicidade do centro).
- Incrementouse a programación de actividades complementarias ó estudantado para a mellora do desenvolvemento de competencias transversais: curso de manexo de bibliografía, curso de LinkedIn, etc.
- Incorporáronse novas empresas e institucións á oferta de prácticas externas do grao.
- Durante o curso 2018-19 incrementouse a coordinación entre os centros implicados nos dobres graos co obxectivo de actualizar a materia de traballo de fin de grao. Foi, por isto necesario revisar os itinerarios curriculares propostos.
- Desenvolvéronse cursos de inglés específicos para o profesorado.
- Foi actualizado o Manual do SGC Centro e o Manual de Procesos.
- Solicitouse a acreditación do Centro, aínda que debido á situación actual o programa foi retrasado.

2.- INVESTIGACIÓN

- Continúa o apoio aos grupos de investigación que desenvolven o seu labor no Centro mediante actividades de divulgación en seminarios e na páxina web da facultade.
- Incrementouse o número de Traballos de Fin de Grao e de fin de Máster co-dirixidos por investigadores da Facultade e investigadores de Centros de investigación ou Empresas.

3.- PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE

- A facultade fixo unha clara aposta pola Internacionalización durante este curso co inicio do Grao en inglés e a aprobación dun novo máster tamén en inglés, como xa se comentou previamente.
- As taxas de mobilidade entrante mostran unha tendencia ascendente nos últimos cursos pero é necesario acadar valores máis altos.

- As actividades de divulgación promovidas en 2019 conseguiron mellorar a comunicación e proxección exterior.
- Potenciouse o Ciclo de Conferencias “Reactiva a túa Química” con participación de investigadores de recoñecido prestixio internacional. Algúns conferenciantes destacados dos últimos cursos foron, por exemplo: Maria Vallet-Regí (índice h=96), Philip Marriott (índice h=60), Miguel de la Guardia (índice h=67), Fernando Martín García (índice h=51), Luís Bañares (índice h=51), Manuel Yáñez (índice h=54) e Enrique Rodríguez Castellón (índice h=56).
- Mellorou a relación co ensino medio, incrementando o número de visitas de institutos de secundaria e actividades de divulgación relacionadas co ano internacional da Táboa periódica. As actividades programadas incentivaron ó interese pola Química nas etapas previas á universidade.
- Continuouse colaborando coa na Olimpíada Galega e Nacional de Química.
- Empezouse a desenvolver un plan de comunicación cos egresados para dar a coñecer a saídas profesionais dos egresados do centro. Isto permitiu coñecer a situación profesional dos egresados.

4.- XESTIÓN E INFRAESTRUTURAS

Melloráronse, dentro das limitacións de orzamento as infraestruturas dos laboratorios de investigación e docencia que se atopan no Centro.

Renováronse os recursos TIC do Centro: melloras na wifi, renovación de aulas informática e adquisición de ordenadores portátiles de préstamo dispoñibles para estudantado e persoal do centro.

As axendas das accións de mellora do centro téñense que desviar, polo momento, do marcado no plan estratéxico 2019-2020. As accións de mellora a executar no 2020 tratarán de paliar, cos limitados recursos dispoñibles pola facultade, os efectos da situación actual na calidade docente. Propóñense catro accións de mellora.

A primeira acción, **AM-1**, é unha proposta para fomentar e facilitar a formación en docencia *on line* do profesorado dos títulos do centro. Estaría dentro da directriz 4.

A acción de mellora **AM-2** se enmarcaría na directriz 5 de *Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos* e consiste na mellora das infraestruturas das aulas do centro para poder impartir docencia semipresencial, en caso de que fose necesario durante o ano 2020.

A acción **AM-3** se corresponde ca directriz 6 (*Información pública*) e consistirá en incrementar a visualización dos títulos de grao e máster da facultade para tratar de manter a matrícula, na situación actual. Ademais se procurará mellorar a mobilidade entrante dos títulos.

Por último a acción de mellora **AM-4**, tamén da directriz 4, propón un incremento na visibilidade da investigación que realizan o profesorado que imparte docencia nos títulos da facultade.

Analizamos tamén os resultados do último curso en base ós indicadores proporcionados pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

Os indicadores de centro **IN01C**, **IN02C**, **IN03C**, **IN04C** e **IN05C** fan referencia á oferta de matrícula nas titulacións impartidas na Facultade de Química.

IN01C: Prazas ofertadas.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B ¹	2GF&Q ²	MIQQI ³	MQTMC ⁴	MQO ⁵
2018-19	205	100	20	10	47	8	20
2017-18	238	100	20	10	80	8	20
2016-17	243	105	20	10	80	8	20
2015-16	248	110	20	10	80	8	20
2014-15	233	125			80	8	20

¹Dobre Grao en Química e Bioloxía.

²Dobre Grao en Física e Química.

³Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial.

⁴Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional.

⁵Máster Universitario en Química Orgánica.

IN02C. Matrícula.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B ¹	2GF&Q ²	MIQQI ³	MQTMC ⁴	MQO ⁵
2018-19	636	500	61	29	24	2	20
2017-18	610	506	46	24	18	1	15
2016-17	619	535	32	17	16	2	17
2015-16	652	583	19	9 ⁷	28	2	11
2014-15	600	563			26	1	10

IN03C. Matrícula de Acceso.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B ¹	2GF&Q ²	MIQQI ³	MQTMC ⁴	MQO ⁵
2018-19	179	103	20	10	24	2	20
2017-18	162	103	18	8	18	0	15
2016-17	175	116	16	9	16	1	17
2015-16	202	139	19	9	23	1	11
2014-15	183	146			26	1	10

IN04C. Matrícula de novo ingreso por preinscripción.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B ¹	2GF&Q ²	MIQQI ³	MQTMC ⁴	MQO ⁵
2018-19	175	100	19	10	24	2	20
2017-18	157	98	18	8	18	0	15
2016-17	168	110	16	8	16	1	17
2015-16	192	129	19	9	23	1	11
2014-15	168	131			26	1	10

IN05C. Variación da matrícula de inicio de estudos (%).

Curso	Porcentaxe de Variación
2018-19	+9,4%
2017-18	-6,9%
2016-17	-12,6%
2015-16	-2,4%
2014-15	-0,8%

Estes indicadores reflicten a diminución do número de prazas ofertadas no Grao en Química (baixou de 125 a 100 en tres anos), seguindo as indicacións de mellora propostas pola Comisión de Calidade do Centro e polo Comité Consultivo da Facultade.

A implantación dos dobres Graos pode considerarse un éxito, cunha boa demanda que fai que se cubran as prazas ofertadas na súa totalidade.

En canto ós Másteres interuniversitarios, superada a desaparición do *Máster en Química Avanzada*, parece que os outros dous másters: o *Máster en Investigación Química e Química Industrial* e o *Máster de Orgánica* vanse consolidando, cun aumento no número de alumnos matriculados en

cada un deles (20 no MQO; 24 no MIQQI).

A continuación coméntanse os indicadores relacionados coa mobilidade dos estudantes:

INo8C: Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%).

INo9C: Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%).

IN17C: Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%).

Curso	IN08C*	IN09C**	IN17C***
2018-19	1,65%	4,94%	---
2017-18	1,37%	4,27%	2,39%
2016-17	0,66%	3,49%	4,98%
2015-16	0,62%	2,49%	3,42%
2014-15	0,83%	1,67%	1,83%

Neste apartado podemos comentar o lixeiro incremento de mobilidade entrante tanto de estranxeiros (de 0,83% a 1,65%) como de estudantado de fóra de Galicia (de 1,67% a 4,94%).

Os indicadores no dobre Grao en Física & Química no se inclúen na táboa e son, respectivamente, do 0%*, 3,8%** e 4,2%***

IN18C: Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados

Curso	Total	G. Química	2GQ&B ¹	2GF&Q ²	MIQQI ³	MQTMC ⁴	MQO ⁵
2018-19	1,65%	1,60%			4,17%		5%
2017-18	0,85%	0,99%					
2016-17	1,00%	0,93%			6,25%		
2015-16	0,93%	0,69%			7,14%		
2014-15	1,50%	0,89%			11,54%		10%

Estes datos inciden na necesidade de incrementar a mobilidade entrante do Centro e unha das accións de mellora propostas vai nesa liña (**AM-3**). A presenza de novos estudantes de fóra de Galicia, aínda que aumentou lixeiramente, é practicamente anecdótica. A potenciación de convenios con outras universidades e a presenza en medios de comunicación e foros nacionais e internacionais debería mellorar o resultado destes indicadores.

E relevante a mellora observada neste curso do indicador **IN14C**, que mide o número de matriculados en másteres do Centro por número de graduados do Centro. Este indicador viña mostrando unha clara tendencia á baixa durante os últimos anos, posiblemente causada pola competencia con másteres altamente profesionalizantes noutras comunidades máis potentes de cara ó mercado de traballo, ou co Máster de profesorado que capacita para presentarse ás oposicións de Secundaria. Co fin de mellorar os resultados deste indicador, na axenda 2017-18 propuxérase como acción de mellora aumentar a difusión dos másteres nos medios de comunicación, potenciar a faceta profesionalizante do MIQQI, maior número de convenios con empresas, etc... Parece, á vista do resultado obtido, que estas iniciativas comezan a dar froito e se está a conseguir revertir lixeiramente á tendencia.

Dada a relevancia do problema, na axenda 2019-20 seguirase incidindo nesta acción de mellora e tentarase mellorar aínda mais a difusión, apostando pola presenza en medios de comunicación estatais.

IN14C: Núm. matriculados en Máster no Centro/Núm. graduados do Centro

Curso	IN14C
2018-19	0,69
2017-18	0,45
2016-17	0,43
2015-16	0,53
2014-15	0,62

A relación de indicadores que fan referencia ós recursos humanos móstranse na seguinte táboa. En concreto son indicadores sobre a formación do profesorado implicado na docencia das titulacións coordinadas dende a Facultade de Química.

IN24C: Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (%).

IN25C: Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (%).

IN26C: Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (%).

Curso	IN24C	IN25C	IN26C
2018-19	99,4%	99,4%	78,2%
2017-18	98,7%	98,2%	78,4%
2016-17	97,1%	98,5%	81,3%
2015-16	97,0%	100%	83,5%
2014-15	94,7%	100%	83,3%

Os datos da táboa mostran a adecuación do profesorado que imparte a docencia nos títulos. Os indicadores son moi positivos mostrando unhas porcentaxes de PDI con sexenios e PDI doutor moi superiores á media da USC. No caso do terceiro valor que mostra o porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total, aínda que tamén é positivo, aprecíase unha tendencia descendente, que pode ser consecuencia da actual taxa de reposición no SUG e na USC; de tódolos xeitos tamén é superior á media da USC.

Seguindo con recursos humanos podemos analizar o número de alumnos por grupo de docencia (indicadores **IN31C** e **IN32C**).

IN31C: Media de alumnos por grupo de teoría (sen datos 18-19).

Curso	Total	G. Química	2GQ&B ¹	2GF&Q ²	MIQQI ³	MQTMC ⁴	MQO ⁵
2017-18	32	53			6		10
2016-17	40	57					
2015-16	43	63			10	1	8
2014-15	45	66			8	1	6

O indicador IN31 desagregouse en dous:

- IN55G-Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas).
- IN56G-Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas).

No grao en química o valor do indicador por grupo de teoría foi de 60 alumnos matriculados en materias de formación obrigatoria e básica e de 24 en alumnos matriculados en materias optativas.

IN32C: Media de alumnos por grupo de docencia interactiva


Curso	Total	G. Química	2GQ&B ¹	2GF&Q ²	MIQQI ³	MQTMC ⁴	MQO ⁵
2018-19	24	24	25		9	2	13
2017-18	20	23			8	1	10
2016-17	21	22			6	1	13
2015-16	24	27			9	1	8
2014-15	28	31			7	1	7

Neste apartado é preciso destacar de novo o elevado número de alumnos por grupo de docencia interactiva que existe no Grao en Química e que dificulta a calidade da docencia. O elevado número de alumnos por grupo ten un efecto negativo sobre a docencia práctica no laboratorio xa que da lugar a problemas de organización docente e, máis importante, de seguridade dos estudantes.




Os seguintes indicadores permiten a comparación entre estudantes do Grao en Química e estudantes dos dobres Graos de recente implantación (Dobre Grado en Química e Bioloxía, e Dobre Grao en Física e Química).

Nota media de acceso por preinscrición (5-14)

Nota media de acceso por preinscrición



Taxa de Rendemento



Como era de esperar, a nota media de acceso e as taxas son moi superiores no caso dos dobres Graos. Pero hai que subliñar o efecto positivo que parece ter a implantación dos dobres Graos

(xunto coa redución das prazas ofertadas) sobre os resultados no Grao en Química: a nota de acceso subiu máis de punto e medio no último curso (de 8,7 a 10,2) e as taxas de éxito e de rendemento melloraron tamén notablemente.

A información relativa á satisfacción dos grupos de interese se recolle nos Informes de Seguimento dos títulos. De forma complementaria, dende o Centro, se realizaron distintas enquisas de satisfacción durante o curso 2018-2019:

<http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/enquisas.html>

En concreto no citado curso se fixeron enquisas ós estudantes do Grao, dos dobres graos e dos Másteres.

En xeral, o grao de satisfacción cos estudos que cursan é satisfactorio, pero inciden sobre as carencias en infraestruturas e recursos que xa se veñen expoñendo na Memoria: criticase o estado de algúns laboratorios e o número elevado de alumnos por grupo, sobre todo nas prácticas de laboratorio.

Os alumnos dos dobres graos destacan a elevada carga lectiva que sofren e piden mais coordinación entre Facultades no tema de horarios e organización da docencia.

Dende o curso 2014-15 está activa unha caixa de correo de incidencias/queixas da Facultade:

<http://www.usc.es/gl/centros/quimica/suxestions.html>

Durante o curso 2018-19, as queixas relacionadas ca docencia referíronse fundamentalmente ó solapamento puntual de horarios entre materias do Grao. Estas reclamacións foron trasladadas á [Comisión do Grao](#) e seguiron o procedemento indicado pola normativa da Universidade.

3. Plan de Melloras do Centro

■ Abertas Curso 2018-2019

- Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
- Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
- Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
